



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA

CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de Escenificación
DISCIPLINA	Prácticas de Dirección de Escena II
TITULACIÓN	Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e dramaturxia
ITINERARIO	Dirección escénica
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	7
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección de escena e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Roi Vidal Ponte
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Roi Vidal Ponte</p> <p>Horario titorías:</p> <p>Despacho: D1</p> <p>Contacto: roivalponte@edu.xunta.gal</p> <p>Nome e apelidos: Leonel García Laborde</p> <p>Horario titorías:</p> <p>Despacho: D1</p> <p>Contacto: leoneljgl@edu.xunta.gal</p>
DESCRIPCIÓN	Integración das linguaxes, procedementos e saberes adquiridos na práctica da creación espectacular para conseguir transmitir ao/á espectadora as sensacións, emoción e o sentido da creación escénica. Análise práctica do texto dramático e/ou partitura dramática. Práctica dos procesos creativos da construción do sentido nos efectos da recepción. Experimentación do método de traballo.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO

T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.



COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X2	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose aos demais e ás circunstancias cambiantes, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE

ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
ED5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Utilizar os elementos escénicos para transmitir unha lectura concreta dunha posta en escena.	T11, T13, X3, X5, X6, ED2
2. Estruturar a narratividade dunha peza escénica.	T11, X3, X5, ED1
3. Identificar os principios da composición de imaxes no escenario e poñer en práctica as súas posibilidades narrativas.	X3, ED1, ED2, ED5
4. Conseguir a interacción do actor co resto de linguaxes escénicas.	T7, T10, X2, ED2, ED3
5. Dirixir unha peza de mediana duración, pasando por todos os pasos do proceso.	T7, T10, T11, T13, X2, X5, ED2, ED3, ED5
6. Construír un discurso escénico intelixible que permita articular a dirección da atención do espectador	T11, X2, X3, ED3
7. Formular a idea dramaturxica dunha peza a escenificar.	T7, X2, ED1, ED5
8. Recoller materiais documentais para o traballo dramaturxico e escénico.	T11, X6, ED2
9. Compoñer a dramaturxia da peza a escenificar.	T13, X3, ED3
10. Adestrarse nos mecanismos de composición escénica segundo os xéneros.	T13, X2, ED1, ED5



4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Claves dramaturxicas da escenificación	1.1 Presupostos e intencións. Puntos de partida e puntos de chegada. A escolla de texto. 1.2 Das lecturas posibles á lectura persoal. A idea central e o sentido dramaturxico. 1.3 Documentación e investigación: materias textuais, visuais e sonoros.	6
2. Traballo da estrutura dramaturxica.	2.1 Selección, secuenciación e ordenación das accións. 2.2 Análise indutiva. 2.3 Dramaturxia da recepción.	6
3. Intervencións dramaturxicas.	3.1 Intervencións na estrutura e na trama, xénero e estilo. 3.2 Intervencións respecto aos actantes, personaxes ou figuras. 3.3 Intervencións textuais.	6
4. Composición escénica.	4.1 Principios compositivos. 4.2.1 Harmonía e contraste. 4.2.2 Desenvolvemento dramático. 4.2 A lectura do espazo escénico. 4.2.1 Segmentación. 4.2.2 Focos de atención.	10
5. O movemento no escenario	5.1 Os desprazamentos: dirección, continuidade, tensión, ritmo. 5.2 Proxémica e quinésica 5.3 O movemento dos actores ao servizo da acción.	12
6. A integración das linguaxes escénicas	6.1. Comunicación cos/coas integrantes do equipo artístico (escenógrafo/a, iluminador/a, intérprete). 6.2. A integración das linguaxes escénicas non actorais ao servizo dunha dramaturxia e posta en escena concreta.	6
7. O itinerario da acción para o espectador	7.1. A mirada espectadora 7.2 A creación de focos de atención.	6
8. O ritmo das unidades dramáticas	8.1 Tempo, espazo e acción.	4
9. Os ensaios	9.1 O traballo co intérprete. 10.1.1 A presenza. 9.2 A incorporación e o tratamento dos elementos non actorais. 9.1 Escenografía. 9.2 Obxectos. 9.3 Iluminación 9.4 Son. 9.3 A mirada do director. Ética e estética.	60
10. Caderno de escenificación.	10.1. Proposta escénica. 10.2. Diario de ensaios.	4
TOTAL SESIÓNS		120h



5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	4		4
Exposición práctico-teórica	12	3	15
Práctica individual	86	54	140
Práctica colectiva	10	6	16
Actividades complementarias	7	3	10
Titorías individuais	8		8
Titorías de grupo	3		3
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	6	6	12
Actividades de avaliación. Revisión	2		2
TOTAL	138h	72h	210h
PORCENTAXE	65%	35%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introductorias	Exposición teórico-práctica para presentar a materia e as actividades encamiñadas a reunir información sobre o alumnado e a tomar decisións con relación ao traballo a desenvolver con posterioridade.
Estudos / actividades previos	Traballo autónomo do estudante de procura, lectura, e documentación sobre o texto proposto e outros materiais xeradores da escenificación.
Exposición práctico-teórica	Exposición do estudante, ante o seu grupo e a docente, sobre aspectos determinados da planificación e da concreción escénica do seu proxecto de escenificación. Exposición docente de contidos con exemplos e exercicios prácticos e posterior reflexión dos elementos traballados.
Práctica individual de escenificación	Dirección do estudante dunha peza de duración media: 40 minutos aprox. Seguimento docente individual durante todo o proceso baseado na crítica construtiva.



Proxecto escénico. Metodoloxías integradas	A posta en escena necesita da participación de profesionais ou alumnado doutras especialidades -como escenografía e interpretación - o que lle permite desenvolver as capacidades de liderado, organización, comunicación e resolución de problemas ao estudante da materia. Metodoloxías baseadas en investigación escénica. Resolución de problemas, actividades na que se formulan problemas ou exercicios relacionados coa materia que deben ser resoltos de forma autónoma. Darase especial importancia á aprendizaxe activa e cooperativa e a unha conduta baseada nos principios éticos e a disciplina.
Titorías individuais ou de grupo	Entrevistas que o alumnado mantén coa docente para o asesoramento ou desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inxedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Caderno de escenificación.	T11, T13, X2, X3, X5, X6, ED1, ED2	25%
Reflexións e exposición. Seguimento dos ensaios.	X3, X6, ED5	25%
Escenificación de 30-40 minutos aprox. aberta ao público, da peza traballada en Prácticas de dirección de escena I	T7, T10, T11, T13, X2, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED3	50%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Escenificación de 30-40 minutos aprox. aberta ao público, da peza traballada en Prácticas de dirección de escena I ou dunha peza consensuada co docente	T7, T10, T11, T13, X2, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED3	70%



Caderno de escenificación, segundo a metodoloxía proposta na materia.	T11, T13, X2, X3, X5, X6, ED1, ED2	20%
Defensa oral do proxecto de escenificación e presentacións dos seus materiais gráficos, audiovisuais e sonoros.	X3, X6, ED5	10%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Escenificación de 40 minutos aprox. aberta ao público, dunha peza consensuada coa docente.	T7, T10, T11, T13, X2, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED3	70%
Caderno de escenificación, segundo a metodoloxía proposta na materia.	T11, T13, X2, X3, X5, X6, ED1, ED2	20%
Defensa oral do proxecto de escenificación e presentacións dos seus materiais gráficos, audiovisuais e sonoros.	X3, X6, ED5	10%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

Cada proxecto escénico, segundo as súas características, terá unha bibliografía específica.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- Bogart, Anne. *La preparación del director*. Barcelona: Alba Editorial, 2008.
- Brecht, Bertolt. *Escritos sobre teatro*. Barcelona: Alba Editorial, 2004.
- Brook, Peter. *El espacio vacío*. Barcelona: Nexos, 1986.
- Candfield, Curtis. *El arte de la dirección escénica*. Madrid: ADE, 1991.
- Dondis, Donis A. *La sintaxis de la imagen*. Barcelona: Gustavo Gili, 2006.
- Donellan, Declan. *El actor y la diana*. Madrid: RESAD y Editorial Fundamentos, 2004.
- Eisenstein, Sergei. *El montaje escénico*. México D.F.: Grupo Editorial Gaceta, 1994.
- Irvin, Polly (Ed.). *Directores*. Barcelona: Editorial Océano, 2003.
- Knapp, Mark L. *La comunicación no verbal. El cuerpo y el entorno*. Barcelona: Editorial Paidós, 1982.
- Lavandier, Yves. *La dramaturgia. Los mecanismos del relato: cine, teatro, ópera, radio, televisión, cómic*. Madrid:

10. OBSERVACIÓN / RECOMENDACIONES



1. Nas exposicións e traballos escritos terase en conta a asimilación do coñecemento, a adecuación da linguaxe, a capacidade investigadora e de análise e a expresión de puntos de vista persoais.
2. Nas prácticas escénicas valorarase positivamente o resultado artístico e a súa evolución, o uso dos coñecementos adquiridos e a correspondencia entre fundamento e práctica.
3. Para obter unha cualificación global positiva, deberanse aprobar (5 ou máis) todas e cada unha das actividades de avaliación recollidas neste programa. No caso de que un estudante suspenda unha ou máis actividades e a media da nota fose superior a 5, a disciplina considérase suspensa e a cualificación que figurará na acta será de 4,9.
4. A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta materia supoñerá a perda da avaliación continua. Todo atraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.
5. A asistencia a titorías será pactada previamente entre estudante e docente, de forma persoal ou a través de email, co fin de acordar: tema, medio e día e hora do encontro.
6. Dado que o texto da escenificación da disciplina é asignado ou pactado coa docente: é imprescindible que o alumnado da convocatoria extraordinaria contacte previamente á preparación da avaliación con ela co fin de cumprir ese requisito.
7. O alumnado que se presente ás convocatorias ordinaria ou extraordinaria terá que contactar previamente coa profesora co fin de organizar próbalas pertinentes.